

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15004991	CEIP Cidade Vella	A Coruña	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Combinada: Comunicación e representación da realidade / Crecemento en harmonía / Descubrimento e exploración da contorna	4º Inf.	8 / 8 / 8	280 / 280 / 280

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	90
4.2. Materiais e recursos didácticos	90
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	91
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	91
6. Medidas de atención á diversidade	92
7.1. Concreción dos elementos transversais	92
7.2. Actividades complementarias	93
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	93
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	94
9. Outros apartados	94

## 1. Introducción

A presente programación integra unha proposta pedagóxica globalizada, dinámica, activa, aberta e flexible; deseñada para un grupo de 25 alumnos e alumnas do 4º curso de EI e que se enmarca no curso académico 2023- 2024. Nesta liña, cabe concretar que para o seu desenvolvemento seguiremos o establecido na Orde de calendario do 3 de maio de 2023 e todo o concretado na lexislación autonómica e estatal vixente. Ao longo da mesma achegarémonos ao coñecemento da realidade próxima e de nós mesmos/as, para o que experimentaremos cos diferentes tipos de linguaxe (oral, musical, corporal, plástica e audiovisual), abriremos as portas da nosa escola á comunidade e desenvolveremos múltiples investigacións arredor dos nosos centros de interese. Todo isto permitiranos ter un coñecemento amplo e globalizado da sociedade e do mundo no que vivimos; e adquirir, de forma progresiva, as habilidades precisas para exercer unha cidadanía crítica e activa. Así pois, e a partir das vertentes mencionadas, descubriremos a riqueza da nosa contorna e da súa diversidade, aprendendo a relacionarnos coa mesma e coa totalidade das persoas que a integran dende o respecto e a empatía. Neste proceso de Ensinanza-Aprendizaxe empregaremos como vías fundamentais ambas linguas oficiais (galego e castelán).

Así mesmo, realizaremos unha primeira aproximación á lóxica-matemática e á lecto-escritura, para o que nos enriqueceremos da enmarcación do noso centro no PlamBE. Cabe mencionar que propostas vinculadas aos eidos da aprendizaxe previamente citados serán deseñadas dende unha perspectiva lúdica, sensorial e significativa, seguindo o enfoque constructivista.

Finalizo remarcando que, atendendo ao carácter globalizador da presente Programación Didáctica, todas as experiencias pedagóxicas deseñadas estarán intrínsecamente relacionadas coas competencias claves e contribuirán, de forma transversal, á adquisición dos contidos das 3 áreas curriculares e á interiorización e ao respecto dos valores constitucionais.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Manifestar interese por interactuar en situacións cotiás a través da exploración e do uso do seu repertorio comunicativo para expresar as súas necesidades e intencións e para responder ás esixencias da contorna.	1	1			1			
OBX2 - Interpretar e comprender mensaxes e representacións apoiándose en coñecementos e recursos da súa propia experiencia para responder ás demandas da contorna e construír novas aprendizaxes.	1	1					1	
OBX3 - Producir mensaxes de maneira eficaz, persoal e creativa utilizando diferentes linguaxes, descubrindo os códigos de cada unha delas e explorando as súas posibilidades expresivas para responder a diferentes necesidades comunicativas.	1	1		1				1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Participar por iniciativa propia en actividades relacionadas con textos escritos, mostrando interese e curiosidade por comprender a súa funcionalidade e algunhas das súas características.	1	1						
OBX5 - Valorar a diversidade lingüística e dialectal presente na súa contorna, así como outras manifestacións culturais, para enriquecer as súas estratexias comunicativas e a súa bagaxe cultural.	1	1		1	1			1
OBX1 - Progresar no coñecemento e no control do seu corpo e na adquisición de distintas estratexias, adecuando as súas accións á realidade da contorna dunha maneira segura para construír unha autoimaxe axustada e positiva.					1	1		
OBX2 - Recoñecer, manifestar e regular progresivamente as súas emocións expresando necesidades e sentimentos para lograr o benestar emocional e a seguridade afectiva					1	1		1
OBX3 - Adoptar modelos, normas e hábitos, desenvolvendo a confianza nas súas posibilidades e sentimentos de logro para promover un estilo de vida saudable e ecosocialmente responsable					1	1		1
OBX4 - Establecer interaccións sociais en condicións de igualdade, valorando a importancia da amizade, do respecto e da empatía para construír a súa propia identidade baseada en valores democráticos e de respecto aos dereitos humanos					1	1		1
OBX1 - Identificar as características de materiais, obxectos e coleccións e establecer relacións entre eles, mediante a exploración, a manipulación sensorial, o manexo de ferramentas sinxelas e o desenvolvendo das destrezas lóxico-matemática para descubrir e crear unha idea cada vez máis complexa do mundo.			1	1				
OBX2 - Desenvolver, de maneira progresiva, os procedementos do método científico e as destrezas do pensamento computacional, a través de procesos de observación e manipulación de obxectos, para iniciarse na interpretación da contorna e responder de forma creativa ás situacións e aos retos que se presenten.			1	1				1
OBX3 - Recoñecer elementos e fenómenos da natureza amosando interese polos hábitos que inciden sobre ela para apreciar a importancia do uso sostible, o coidado e a conservación da contorna na vida das persoas.			1	1	1			

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Identificar as características e funcións dos grupos e organizacións da comunidade, apreciando algúns elementos significativos propios da cultura galega como base para a construción da identidade social desde o coñecemento e a valoración das particularidades do mundo circundante.					1			1

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Proxecto "Escola"	Esta categoría traballarase de xeito transversal durante todo o curso, integrando diferentes secuencias de aprendizaxe vinculadas aos intereses do alumnado entorno á súa escola e a contorna da mesma. Nesta liña, cómpre indicar que todas elas teñen como propósito fundamental garantir unha boa adaptación do alumnado á escola e á aula, tendo en conta que os nenos e as nenas se acaban de incorporar á mesma; incluíndose, por tanto, a temporalización específica do Período de Adaptación. Así pois, desenvolveranse propostas vinculadas a exploración e experimentación cos espazos, obxectos e recursos da propia escola (instalacións artísticas, cazas do tesouro, actividades na biblioteca...), dinámicas de cohesión grupal para garantir unha boa convivencia e actividades para favorecer o coñecemento de todos/as os/as integrantes da comunidade educativa (familias, compañeiros/as da escola e equipo docente).	148	X	X	X
2	Proxecto "Vida"	O presente proxecto terá como propósitos fundamentais que o alumnado adquira hábitos de vida saudable (a nivel físico-motriz, alimentario e de prevención de riscos) e a que tome conciencia de como é o seu corpo (identificando as súas partes principais e as súas funcións) e da importancia de coidalo, así como da importancia de respectar as diferenzas individuais que nos definen como seres únicos. Todo isto favorecerá a construción da súa identidade persoal e, especialmente, o seu autocoñecemento tanto a nivel físico coma afectivo-emocional. Nesta liña, incorporaranse propostas para valorar positivamente a diversidade persoal e afectivo-sexual.	50		X	
3	Proxecto "As 4 estacións"	Esta categoría traballarase de xeito transversal	148	X	X	X

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Proxecto "As 4 estacións"	<p>durante todo o curso, integrando diferentes secuencias de aprendizaxe vinculadas aos intereses do alumnado entorno ás 4 estacións (outono, inverno, primavera e verán). Nesta liña, cómpre concretar que o seu desenvolvemento será contextualizado; é dicir, traballaremos cada estación naqueles momentos temporais nos que se aprecien, de forma máis significativa, os cambios na contorna derivados da estación correspondente.</p> <p>Todas as propostas terán un carácter principalmente experimental, manipulativo e de investigación, o que permitirá ao alumnado coñecer as características máis salientables de cada estación na contorna: os cambios meteorolóxicos, as froitas típicas, as cores que as caracterizan, festividadeas vinculadas ás mesmas, etc.</p>	148	X	X	X
4	Proxecto "Botando a lingua"	<p>Esta secuencia didáctica estará estreitamente vinculada co Proxecto Anual de Centro, deseñado polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega en coordinación co Equipo de Biblioteca. A pesar de que a súa temática non está todavía pechada, as actividades e propostas que a integren focalizaranse na revaloración da lingua galega, na potenciación da súa fala e no coñecemento e recoñecemento da cultura que a rodea. Para isto, empregarase a literatura infantil e a tradición oral como ferramentas pedagóxicas principais. E, así mesmo, asentarse sobre as bases dunha metodoloxía cooperativa que promova os agrupamentos mixtos entre as dúas etapas que conviven no noso centro (Educación Infantil e Primaria).</p>	50	X	X	X
5	Proxecto "Sementes"	<p>Esta categoría traballarase de forma transversal durante todo o curso e estará focalizada no descubrimento e na exploración do mundo vexetal. Traballaremos arredor daquelas especies (plantas, flores, froitos/as e verduras de tempada), atendendo a época do ano na que nos atopemos (como podería ser a flor de algodón en inverno, as setas de outono, as 7 herbas de San Xoán ...), así como todas aquelas que sexan descubertas polo alumnado (como as que poidan saír no patio, as que traian á aula ou as que visualicemos nunha saída). Ademais, nesta categoría se integrarán todas as propostas vinculadas ao horto escolar, así como as nosas rutinas de coidado das plantas da aula.</p> <p>Todo isto permitirá adquirir un compormiso co coidado e o respecto da nosa natureza, favorecer a nosa autonomía e adoptar responsabilidades; e aproximarnos ao coñecemento de diversas especies, da súa clasificación e do seu ciclo de vida.</p>	148	X	X	X
6	Proxecto "Artellando"	<p>Esta categoría traballarase de forma transversal ao longo do curso, incluíndo todas aquelas secuencias de aprendizaxe vinculadas ás artes. Para isto, enriquecerémonos da diversidade das súas vertentes (pintura, escultura, teatro, danza, fotografía e</p>	148	X	X	X

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Proxecto "Artellando"	literatura). Nesta liña, incluíranse propostas focalizadas no descubrimento de artistas de renome (Frida Kahlo, Matisse, Yayoi Kusama, Vivaldi, Hervé Tullet, etc), así como daqueles e daquelas que destacan na contorna (Luís Seoane, Rosalía de Castro, Lolita Díaz,...). Partindo do coñecemento das súas creacións e inspirándonos nas mesmas potenciaremos a nosa creatividade, exploraremos técnicas diversas, traballaremos a sensibilidade estética e empregaremos as artes como medio para expresar os nosos pensamentos, emocións e sentimentos. Neste Proxecto salientarán actividades como a creación de instalacións-accións ou exposicións, as cales abriremos á comunidade educativa.	148	X	X	X
7	Proxecto "En sociedade"	Esta categoría traballarase de forma transversal durante todo o curso, integrando aquelas propostas vinculadas co coñecemento da contorna, da súa xente (diversidade familiar, profesións, ...), da súa cultura e do seu folklora. Destacarán aquelas actividades vinculadas ás festividades populares e ás tradicións galegas (como o Samaín, os Maíos ou o San Xoán), ao coñecemento da diversidade familiar e aquelas realizadas en cooperación coa comunidade educativa (propostas de Aprendizaxe-Servizo como a colaboración cunha protectora de animais, talleres de reciclaxe coas familias, conta-contos populares cos avós e as avoas, etc.). Todo isto, permitiranos adquirir habilidades sociais e valorar as diferenzas de forma positiva. Así mesmo, incluíranse actividades que permitan ao alumnado coñecer a diversidade cultural e amosar actitudes de respecto e interese nas mesmas; destacando, especialmente, a aproximación ás costumes e tradicións do alumnado da aula procedente doutros países.	148	X	X	X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Proxecto "Escola"	148

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	Interacción en situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...)	TI
CA1.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Exteriorización de emocións básicas (alegría, tristeza, enfado)	
CA1.4 - Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións	Formación dunha autoestima positiva e saudable.	
CA1.4 - Axustar o seu repertorio comunicativo ás propostas, aos interlocutores e ao contexto, indagando nas posibilidades expresivas das diferentes linguaxes.	Emprego de fórmulas de cortesía básicas e respecto das quendas de palabra.	
CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais.	Exteriorización de sentimentos básicos (alegría, tristeza, enfado) e respecto dos mesmos.	
CA2.2 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.	Participación e gozo nas actividades lúdicas.	
CA2.3 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais.	Participación e gozo nas actividades lúdicas, adaptándose ás necesidades das mesmas.	
CA2.3 - Aplicar estratexias para canalizar a frustración ante as dificultades ou os problemas.	Adquisición de habilidades para a autorregulación emocional en momentos de frustración.	
CA2.4 - Identificar e expresar as súas necesidades e sentimentos axustando progresivamente o control das súas emocións.	Interiorización de técnicas para a autorregulación emocional.	
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	Participación en situacións de interacción social dende a escoita e o respecto.	
CA2.5 - Adquirir un nivel mínimo de tolerancia á frustración e ser capaz de adaptar o seu comportamento a diferentes situacións.	Emprego de técnicas emocionais para o autocontrol da frustración.	
CA2.6 - Ofrecer e pedir axuda en situacións cotiás valorando os beneficios da cooperación e da axuda entre iguais.	Petición confiada de axuda ante as dificultades.	
CA2.7 - Expresar inquietudes, gustos e preferencias mostrando satisfacción e seguridade sobre os logros conseguidos.	Exteriorización das preferencias e manifestación de sentimentos de autorrealización ante as propias conquistas.	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Participación en situacións cotiás e lúdicas en lingua estranxeira.	
CA2.8 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía, aceptando as diferenzas individuais e evitando todo tipo de discriminación.	Aceptación e valoración positivas das diferenzas interindividuais, amosando respecto antes a mesmas.	



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA3.2 - Interpretar de forma eficaz as mensaxes e as intencións comunicativas dos demais.	Comprensión das situacións comunicativas.	
CA3.3 - Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas, aceptando as normas.	Aceptación das normas e valoración dos riscos no contexto.	
CA3.4 - Utilizar a linguaxe oral como instrumento regulador da acción nas interaccións cos demais con seguridade e confianza.	Emprego de autoinstrucións, verbalizando as accións.	
CA3.5 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Seguimento e respecto das rutinas da aula.	
CA3.5 - Evocar e expresar espontaneamente ideas a través do relato oral.	Participación en momentos de asemblea, lecturas compartidas...	
CA4.1 - Identificar o núcleo familiar e a escola como os primeiros grupos sociais de pertenza valorando positivamente as relacións afectivas que se establecen e a súa importancia no desenvolvemento persoal.	Valoración positiva das relacións familia-escola.	
CA4.1 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.	Iniciativa no desenvolvemento das rutinas e actividades diarias.	
CA4.2 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Respecto das normas da aula vinculadas ao desenvolvemento das rutinas preestablecidas.	
CA4.2 - Valorar a importancia das relacións sociais coas persoas da súa contorna.	Manifestación de gozo nas relacións coa contorna.	
CA4.3 - Recoñecer diferentes modelos familiares mostrando respecto polas diferenzas. Descubrir e identificar os parentescos.	Respecto e recoñecemento da diversidade familiar.	
CA4.3 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía e evitando todo tipo de discriminación.	Interacción cos/coas iguais dende o respecto e a empatía.	
CA4.4 - Descubrir as distintas profesións, organizacións e servizos da contorna valorando as súas funcións e a importancia social da súa actividade.	Coñecemento e valoración positiva das diferentes profesións.	
CA4.4 - Relacionarse de maneira asertiva, con tolerancia e eficacia coas persoas coas que interacciona nas súas rutinas diarias e nas súas actividades cotiás.	Interacción positiva co grupo-aula no desenvolvemento das rutinas.	
CA4.5 - Reproducir condutas, accións ou situacións a través do xogo simbólico en interacción cos seus iguais, identificando e rexeitando todo tipo de estereotipos.	Participación en propostas de xogo simbólico, amosando rechazo ante os estereotipos.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA4.6 - Participar activamente en actividades relacionadas coa reflexión sobre as normas sociais que regulan a convivencia e promoven valores como o respecto á diversidade e o trato non discriminatorio cara ás persoas.	Aceptación e seguimento das normas para a consecución dun clima positivo de convivencia.	
CA4.7 - Desenvolver destrezas e habilidades para a xestión de conflitos de forma positiva propoñendo alternativas creativas e tendo en conta o criterio doutras persoas.	Resolución pacífica dos conflitos a través da escoita activa e da reflexión.	
CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecelas.	Participación en propostas culturais, amosando interese nas mesmas.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Concepción da biblioteca como un espazo de coñecemento e gozo coa lectura.	
CA5.4 - Participar en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en contextos dialóxicos e participativos, descubriendo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria.	Participación nas actividades literarias, expresando a súa percepción e as súas opinións.	
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	Exploración da diversidade de recursos artísticos.	
CA7.5 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Valoración positiva e eloxio das creacións de terceiras persoas.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Aproximación ao uso de ferramentas dixitas (PDI, robótica...)	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal.</li> <li>- Comunicación interpersonal: empatía e asertividade.</li> <li>- Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia.</li> <li>- Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade.</li> <li>- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.</li> <li>- Achegamento á realidade lingüística da contorna. Fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.</li> <li>- Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses.</li> <li>- Estratexias de axuda e colaboración en contextos de xogo e rutinas.</li> <li>- Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información.</li> </ul>

## Contidos

- Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais.
- O xogo como ferramenta de exploración persoal.
- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.
- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.
- Aceptación construtiva de erros e correccións: manifestacións de superación e logro.
- Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.
- Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.
- Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia.
- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.
- Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.
- escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.
- Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades.
- A familia e os distintos modelos familiares. A súa estrutura e os seus membros.
- Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións.
- Relacións de parentesco.
- A diversidade familiar. Familia, escola e outros contextos socioemocionais. Identificación e diferenciación como primeiros grupos sociais de pertenza e interacción. Outros grupos sociais de pertenza: características, funcións e servizos.
- Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación.
- A escola.
- O barrio e o concello: servizos, características e funcións.
- Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto.
- Resolución de conflitos xurdidos nas interaccións sociais.
- A amizade como valor, así como elemento protector, de prevención da violencia e de desenvolvemento da cultura da paz.
- Fórmulas de cortesía e interacción social positiva. Actitude de axuda e cooperación. A resposta empática á diversidade debida a distintas formas de discapacidade e ás súas implicacións na vida cotiá.
- Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas.
- Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuízos.
- Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Asentamentos e actividades da contorna.</li> <li>- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.</li> <li>- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.</li> <li>- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.</li> <li>- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.</li> <li>- Respecto cara ás producións alleas.</li> <li>- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Proxecto "Vida"	50

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA1.1 - Progresar no coñecemento do seu corpo axustando accións e reaccións e desenvolvendo o equilibrio, a percepción sensorial e a coordinación no movemento	Control progresivo do seu corpo, adecuándose ás diferentes situacións contextuais.	TI
CA1.2 - Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e nas súas diferentes partes mostrando un nivel de detalle acorde á súa idade ou estado madurativo, chegando a interiorizar paulatinamente o seu esquema corporal	Representación do propio esquema corporal e mellora progresiva na identificación das súas partes (cabeza, pescozo, mans, brazos, pernas, pés, tronco....).	
CA1.3 - Recoñecer as percepcións sensoriais propioceptivas e exteroceptivas captadas a través dos sentidos verbalizando as sensacións que producen	Identificación das sensacións producidas polas percepcións sensoriais básicas.	
CA1.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Expresión artística das propias emocións.	
CA1.4 - Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións	Formación dunha autoestima positiva e saudable.	
CA1.5 - Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá, mostrando un variado repertorio motriz	Emprego de habilidades para o contro corporal adaptándose ás necesidades contextuais.	
CA1.6 - Describir e representar graficamente a súa situación con relación aos obxectos e ás demais persoas usando vocabulario topolóxico básico.	Representación gráfica e verbalización das relacións cos obxectos da contorna, incorporando vocabulario como preto-lonxe, arriba-abaxo, etc.	
CA1.7 - Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade	Identificación e valoración positiva das diferenzas interindividuais.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais.	Exteriorización das propias emocións e vivencias, e escoita e respecto das manifestadas polos/as demais.	
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Utilización e interiorización de novo vocabulario nas dúas linguas oficiais.	
CA2.4 - Identificar e expresar as súas necesidades e sentimentos axustando progresivamente o control das súas emocións.	Adquisición progresiva de habilidades para o autocontrol emocional.	
CA2.5 - Utilizar diferentes estratexias para a toma de decisións con progresiva autonomía afrontando o proceso de creación de solucións orixinais en resposta aos retos que se lle presenten.	Expresión e emprego de solucións creativas para a resolución autónoma de conflitos e problemáticas.	
CA2.5 - Adquirir un nivel mínimo de tolerancia á frustración e ser capaz de adaptar o seu comportamento a diferentes situacións.	Adquisición progresiva de habilidades e técnicas para o autocontrol da frustración.	
CA2.7 - Expresar inquietudes, gustos e preferencias mostrando satisfacción e seguridade sobre os logros conseguidos.	Expresión de sentimentos de autorrealización ante as propias consecucións.	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Emprego da lingua estranxeira en situación cotiás.	
CA3.2 - Recoñecer hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.	Identificación da hábitos de vida saudable vinculados a alimentación, a hixiene e ao benestar emocional.	
CA3.3 - Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas, aceptando as normas.	Aceptación das normas e identificación de situacións de risco.	
CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.	Realización de accións para o autocoidado e o coidado da contorna.	
CA4.1 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.	Participación confiada en actividades lúdicas.	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	Mellora progresiva no desenvolvemento de habilidades grafomotrices (control, prensión, agarre do útil de escritura...)	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Valoración da biblioteca como un espazo de aprendizaxe e gozo.	
CA6.1 - Percibir, identificar e discriminar sons.	Discriminación e identificación de sons.	
CA8.4 - Interpretar corporalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e oral) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	Interpretación corporal de mensaxes emitidos noutras linguaxes (role-playing, dramatizacións...)	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Aproximación ao emprego de ferramentas dixitais (PDI, robótica...)	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas.
- Imaxe global e segmentaria do corpo: características individuais e percepción dos cambios físicos. Autoimaxe positiva e axustada ante os demais.
- Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia.
- Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade.
- Descubrimento dos cambios que se producen nas persoas co paso do tempo, respectando as diferenzas.
- Desenvolvemento da identidade sexual e aceptación do corpo sexuado.
- Construción de nocións espaciais básicas en relación co propio corpo, cos obxectos e coas accións, tanto en repouso coma en movemento.
- Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá.
- Adquisición das nocións básicas de orientación e coordinación de movementos ¿control progresivo da coordinación, ton, equilibrio e desprazamentos¿ co fin de adquirir autonomía na realización das tarefas.
- Avance e control progresivo da motricidade fina.
- Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.
- Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais.
- Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento.
- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.
- Aceptación construtiva de erros e correccións: manifestacións de superación e logro.
- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.
- Recoñecemento das necesidades básicas do corpo. Hixiene, vestido, alimentación, descanso, actividade.
- Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.
- Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna.
- Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades.
- Actividade física estruturada con diferentes graos de intensidade.
- Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas.
- Iniciación a estratexias de procura de información, reelaboración e comunicación.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.</li> <li>- Vivencia do xesto e do movemento como recursos corporais para a expresión, a comunicación e o intercambio afectivo.</li> <li>- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Proxecto "As 4 estacións"	148

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA1.1 - Establecer distintas relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese.	Identificación das relacións entre os obxectos, iniciándose na descripción dos mesmos.	TI
CA1.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Expresión de pensamentos, ideas e emocións a través dos diferentes tipos de linguaxe.	
CA1.2 - Empregar os cuantificadores básicos máis significativos no contexto do xogo e na interacción coas demais persoas.	Utilización de cuantificadores básicos en actividades lúdicas e na interacción social.	
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	Aproximación ao desenvolvemento de habilidades numéricas básicas.	
CA1.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Expresión creativa de emocións, ideas e pensamentos.	
CA1.3 - Recoñecer as percepcións sensoriais propioceptivas e exteroceptivas captadas a través dos sentidos verbalizando as sensacións que producen	Recoñemento e verbalización da diversidade de percepcións sensoriais.	
CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos.	Identificación de elementos xeométricos básicos (círculo, triángulo e cadrado) na contorna.	
CA1.5 - Situarse adecuadamente nos espazos habituais, tanto en repouso coma en movemento, aplicando os seus coñecementos acerca das nocións espaciais básicas e xogando co propio corpo e con obxectos.	Situación corporal no espazo, adecuándose ás necesidades do mesmo,	
CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino	Adquisición progresiva e mellora no control e na coordinación de habilidades motrices finas.	
CA2.2 - Participar en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas as dúas para fomentar a riqueza cultural da nosa comunidade.	Emprego de ambas linguas oficiais, manifestando interese nas mesmas.	



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Utilización e incorporación de novo vocabulario vinculados ás 4 estacións nas dúas linguas oficiais.	
CA2.4 - Expor hipóteses acerca do comportamento de certos elementos ou materiais verificándoos a través da manipulación e da actuación sobre eles.	Iniciarse na formulación de hipótesis e na comprobación das mesmas a través da exploración sensorial de materiais.	
CA2.5 - Utilizar diferentes estratexias para a toma de decisións con progresiva autonomía afrontando o proceso de creación de solucións orixinais en resposta aos retos que se lle presenten.	Iniciarse na formulación de solucións creativas para resolver os restos que se presenten.	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Participación en situacións comunicativas básicas en lingua estranxeira.	
CA2.7 - Participar en proxectos empregando dinámicas e estruturas cooperativas, compartindo e valorando opinións propias e alleas e expresando conclusións persoais a partir delas.	Participación en actividades cooperativas.	
CA2.8 - Iniciarse en actividades relacionadas coa metodoloxía STEAM como modelo de aprendizaxe activo.	Aproximarse ao desenvolvemento de habilidades científicas, tecnolóxicas, matemáticas e artísticas.	
CA3.1 - Mostrar unha actitude de respecto e coidado e protección cara ao medio natural e os animais identificando o impacto dalgúns accións humanas sobre el.	Amosar respecto e actitudes de coidado ante o medio natural e animal, tomando conciencia das consecuencias propias accións.	
CA3.1 - Percibir, identificar e discriminar sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo e adquirindo progresivamente unha maior precisión.	Ampliación do seu repertorio comunicativo, a través dun uso funcional da lingua.	
CA3.2 - Establecer relacións causa-efecto entre o medio natural e social a partir do coñecemento e da observación dalgúns fenómenos naturais e dos elementos patrimoniais presentes no medio físico.	Observación dos fenómenos naturais e establecementos de relacións de causa-efecto nos mesmos.	
CA3.3 - Identificar elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a necesidade de facer un uso responsable deles.	Concienciación sobre a importancia de determinados elementos naturais nas nosas vidas e da necesidade de empregalos de forma responsable.	
CA3.4 - Descubrir e recoñecer os elementos máis identificativos do patrimonio natural, tanto da contorna coma da comunidade.	Valoración da importancia do patrimonio natural.	
CA3.5 - Evocar e expresar espontaneamente ideas a través do relato oral.	Expresión oral de ideas, en momentos de asemblea, tertulias dialogadas,...	
CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	Interiorización das normas e participación autónoma nas rutinas.	
CA3.6 - Expresar oralmente mensaxes facendo transferencias doutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e corporal) e indagando nas posibilidades comunicativas que ofrece a combinación delas.	Reinterpretación oral de mensaxes emitidos noutros tipos de linguaxe.	
CA3.6 - Valorar a necesidade de coidar e de respectar os seres vivos.	Desenvolvemento de actitudes de coidado e respecto dos seres vivos.	



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	Mellora progresiva na adquisición de habilidades grafomotrices (agarre de útiles de escritura, prensión, control...).	
CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo	Aproximación lúdica ao emprego da escrita en situacións significativas e contextualizadas.	
CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade.	Descubrimento e valoración de tradicións culturais típicas da contorna, vinculadas ás 4 estacións.	
CA4.5 - Elaborar de forma escrita mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, corporal e oral), indagando nas posibilidades comunicativas que ofrecen as transferencias entre elas.	Reinterpretación escrita, seguindo o enfoque constructivista, de mensaxes emitidas en outras linguaxes.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Valoración da biblioteca como un espazo lúdico e de aprendizaxe.	
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	Incorporación de diversos recursos e técnicas para a expresión dramática e emocional.	
CA6.4 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Exteriorización artística de emocións, ideas e pensamentos.	
CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresión das emocións que producen as diferentes manifestacións artísticas.	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	Elaboración cooperativa de producións plásticas.	
CA7.4 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Manifestación das preferencias e emocións que producen as diferentes producións artísticas.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Aproximación ao uso de ferramentas dixitais básicas (PDI, robótica, mesa de luz...).	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Obxectos e materiais. Interese, curiosidade e actitude de respecto durante a súa exploración.</li> <li>- Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación.</li> <li>- Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia.</li> <li>- Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos.</li> <li>- Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade.</li> <li>- Emprego de cuantificadores básicos contextualizados.</li> </ul>

## Contidos

- Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidadade, número e grafía. Situacións nas que se fai necesario medir.
- Construción de noións espaciais básicas en relación co propio corpo, cos obxectos e coas accións, tanto en repouso coma en movemento.
- Avance e control progresivo da motricidade fina.
- Ampliación do repertorio lingüístico individual.
- Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información.
- Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais.
- Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento.
- Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións.
- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.
- Relacións causa-efecto na manipulación de obxectos.
- Experimentación de accións cos elementos naturais: auga, terra, aire. Características e comportamento (peso, capacidade, volume, mesturas ou transvasamentos).
- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.
- Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático.
- Relacións causa-efecto dos fenómenos naturais e da acción humana sobre o medio: incendios, inundacións, extincións, prácticas non sostibles.
- Recursos naturais. Sustentabilidade, enerxías limpas e naturais.
- Interpretación da intención comunicativa das mensaxes.
- Identificación de fenómenos naturais: identificación e repercusión na vida das persoas.
- Os seres vivos e as súas características.
- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.
- Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico.
- Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc.
- Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas.
- Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números.
- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.
- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.
- Festas e tradicións do ciclo anual e da cultura galega.
- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.</li> <li>- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.</li> <li>- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.</li> <li>- Recoñecemento da intención expresiva nas producións musicais e/ou sonoras.</li> <li>- Respecto polas producións alleas.</li> <li>- Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos.</li> <li>- Planificación da acción en producións plásticas.</li> <li>- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	Proxecto "Botando a lingua"	50

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Valoración positiva e interese nas posibilidades expresivas da linguaxe a través do código escrito.	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	Mellora progresiva no desenvolvemento de habilidades grafomotrices.	
CA4.5 - Elaborar de forma escrita mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, corporal e oral), indagando nas posibilidades comunicativas que ofrecen as transferencias entre elas.	Reinterpretación escrita de mensaxes emitidas noutros tipos de linguaxes (corporal, musical, artística...).	
CA5.1 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	Aproximación ao coñecemento das características de determinados tipos de textos (cartas, receitas...).	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Valoración da biblioteca como un espazo de aprendizaxe e gozo.	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	Gozo na escoita de textos literarios.	
CA5.4 - Participar en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en contextos dialóxicos e participativos, descubriendo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria.	Participación en propostas literarias, manifestando interese nas mesmas e valorando a beleza desta forma de arte e expresión.	

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Manifestación dos pensamentos, emoción, preferencias e opinións relativas a producións artísticas determinadas.	
CA6.1 - Percibir, identificar e discriminar sons.	Identificación e discriminación de sons (agudo-grave, forte-suave...)	
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	Exploración das posibilidades de expresión dramática e musical de instrumentos e materiais diversos.	
CA6.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Valoración positiva das producións creadas polos compañeiros e compañeiras.	
CA6.4 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Gozo na elaboración de manifestacións artísticas e culturais, empregando ditas linguaxes como medio de transmisión de emocións, ideas e pensamentos.	
CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Manifestación das emocións, dos gustos e das preferencias relativas a unha obra artística determinada.	
CA6.6 - Interpretar musicalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (oral, plástica, gráfica, escrita e corporal), indagando nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	Reinterpretación musical de mensaxes emitidas noutras linguas (oral, plástica, gráfica, escrita...).	
CA7.1 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Interpretación de mensaxes de obras artísticas e dixitais, manifestando curiosidade no descubrimento do seu significado.	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	Elaboración cooperativa de creacións plásticas a partir de técnicas diversas (puntillismo, estampa, collage...).	
CA7.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións plásticas, artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Emprego das artes plásticas, artísticas e culturais como medio de expresión de emocións, ideas e pensamentos.	
CA7.4 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresión das opinións, gustos, preferencias e emocións relativas a unha obra artística.	
CA7.5 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Valoración positiva das propostas artísticas elaboradas polos/as compañeiros/as.	
CA7.6 - Elaborar creacións plásticas a partir de mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, oral, gráfico, escrito e corporal) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre eles.	Reinterpretación plástica e creativa de mensaxes emitidos noutras linguaxes.	
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Exploración das posibilidades de expresión corporal a través da dramatización (ou role-playing) e da danza.	
CA8.2 - Axustar harmonicamente o seu movemento ao dos demais e ao espazo como forma de expresión corporal libre, manifestando interese e iniciativa.	Adecuación do propio movemento ao espazo e ás demais persoas, indagando as posibilidades expresivas do mesmo.	
CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Valoración positiva e interese nas producións artísticas elaboradas polos/as compañeiros/as.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA8.4 - Interpretar corporalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e oral) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	Reinterpretación creativa de mensaxes en linguaxes diversas (plástica, corporal, musical, gráfica...).	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Aproximación ao emprego de ferramentas dixitais básicas (PDI, robótica....).	
CA9.3 - Expresarse de maneira creativa utilizando diversas ferramentas ou aplicacións dixitais intuitivas e visuais para expresarse de maneira creativa.	Expresión creativa a través de ferramentas dixitais (robótica, mesa de luz, pizarras de luz negra...).	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal.</li> <li>- Obxectos e materiais. Interese, curiosidade e actitude de respecto durante a súa exploración.</li> <li>- Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas.</li> <li>- Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación.</li> <li>- Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos.</li> <li>- Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información.</li> <li>- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.</li> <li>- Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.</li> <li>- Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco.</li> <li>- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.</li> <li>- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.</li> <li>- Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números.</li> <li>- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.</li> <li>- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.</li> <li>- Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural.</li> <li>- Memorización e recitado de textos literarios.</li> <li>- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.</li> <li>- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.</li> </ul>

## Contidos

- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.
- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.
- Descubrimento das propiedades sonoras dos obxectos cotiáns da súa contorna e dos instrumentos.
- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.
- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- O código musical: o son, o silencio e as súas calidades.
- Recoñecemento da intención expresiva nas producións musicais e/ou sonoras.
- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.
- Respecto polas producións alleas.
- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos.
- Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos.
- Intención expresiva de producións plásticas e pictóricas.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Planificación da acción en producións plásticas.
- Achegamento a diferentes formatos e soportes de expresión plásticos e visuais.
- Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos?) en actividades individuais e grupais libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática.
- Uso do baile e da danza como medios de expresión.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Vivencia do xesto e do movemento como recursos corporais para a expresión, a comunicación e o intercambio afectivo.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.
- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.

UD	Título da UD	Duración
7	Proxecto "En sociedade"	148

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	Participación respectuosa, activa e espontánea en situación comunicativas diversas (assemblea, lecturas compartidas...).	TI
CA1.2 - Empregar os cuantificadores básicos máis significativos no contexto do xogo e na interacción coas demais persoas.	Emprego de cuantificadores básicos (máis que, menos que,...) en propostas de interacción e lúdicas.	
CA1.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Expresión creativa de emocións, pensamentos e ideas a través da linguaxe artística e de manifestacións culturais.	
CA1.4 - Axustar o seu repertorio comunicativo ás propostas, aos interlocutores e ao contexto, indagando nas posibilidades expresivas das diferentes linguaxes.	Adecuación da fala ás necesidades do contexto e aos/as dos/as interlocutores/as; mellorando progresivamente no emprego das habilidades lingüísticas.	
CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos.	Recoñecemento de elementos xeométricos básicos (cadrado, círculo e triángulo) no medio próximo.	
CA1.7 - Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade	Identificación de semellanzas e diferenzas interpersoais; valorando positivamente a diversidade social e amosando respecto cara a mesma.	
CA2.1 - Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos.	Recoñecemento da diversidade lingüística do noso territorio, amosando interese na aprendizaxe das dúas linguas oficiais e na lingua estranxeira.	
CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais.	Identificación e expresión das emocións propias, e recoñecemento das alleas, manifestando respecto ante as mesmas.	
CA2.2 - Participar en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas as dúas para fomentar a riqueza cultural da nosa comunidade.	Emprego de ambas linguas cooficiais, recoñecéndolas como parte da nosa identidade.	
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Descubrimento e utilización de novo vocabulario en ambas linguas cooficiais.	
CA2.4 - Valorar positivamente as particularidades lingüísticas da contorna próxima.	Valoración positiva da diversidade lingüística no territorio galego.	
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	Emprego de expresións de convección social básicas (saudar, despedirse, dar as grazas....) nas diferentes situacións comunicativas.	
CA2.6 - Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas.	Interese no descubrimento da pluralidade lingüística, amosando respecto cara dita realidade social.	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Emprego da lingua estranxeira en situacións cotiás.	
CA2.7 - Participar en proxectos empregando dinámicas e estruturas cooperativas, compartindo e valorando opinións propias e alleas e expresando conclusións persoais a partir delas.	Participación en proxecto cooperativos dende o respecto, a escoita activa e a empatía.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.8 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía, aceptando as diferenzas individuais e evitando todo tipo de discriminación.	Participación activa en propostas cooperativas, amosando actitudes de respecto ante a diversidade e rechazo ante calquera discriminación.	
CA3.1 - Mostrar unha actitude de respecto e coidado e protección cara ao medio natural e os animais identificando o impacto dalgunhas accións humanas sobre el.	Concienciación sobre as consecuencias das nosas accións no medio natural e animal (contaminación, maltrato...).	
CA3.2 - Interpretar de forma eficaz as mensaxes e as intencións comunicativas dos demais.	Interpretación das mensaxes emitidas polos/as interlocutores/as, comprendendo o significado e o sentido das mesmas.	
CA3.3 - Identificar elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a necesidade de facer un uso responsable deles.	Identificación dos elementos naturais imprescindibles para a vida (luz solar, auga, aire...) e da necesidade de coidalos.	
CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.	Concienciación sobre a necesidade de coidar de un/unha mesmo/a e da contorna.	
CA3.4 - Utilizar a linguaxe oral como instrumento regulador da acción nas interaccións cos demais con seguridade e confianza.	Emprego da linguaxe oral como medio para regular as propias accións e as relacións interpersoais.	
CA3.4 - Descubrir e recoñecer os elementos máis identificativos do patrimonio natural, tanto da contorna coma da comunidade.	Descubrimiento e apreciación dos elementos máis significativos do patrimonio natural da nosa contorna.	
CA3.5 - Evocar e expresar espontaneamente ideas a través do relato oral.	Utilización espontánea da linguaxe oral para manifestar pensamentos e ideas.	
CA3.5 - Identificar trazos comúns e diferentes entre seres vivos e inertes, así como as súas características máis significativas.	Identificación das características, semellanzas e diferenzas significativas entre algúns seres vivos e inertes propios da contorna.	
CA3.6 - Valorar a necesidade de coidar e de respectar os seres vivos.	Valoración e toma de conciencia da necesidade de respectar aos seres vivos.	
CA4.1 - Identificar o núcleo familiar e a escola como os primeiros grupos sociais de pertenza valorando positivamente as relacións afectivas que se establecen e a súa importancia no desenvolvemento persoal.	Valoración positiva das relacións afectivas establecidas entre a escola e a familia.	
CA4.2 - Valorar a importancia das relacións sociais coas persoas da súa contorna.	Valoración e toma de conciencia da importancia de manter relacións sociais baseadas no respecto.	
CA4.3 - Recoñecer diferentes modelos familiares mostrando respecto polas diferenzas. Descubrir e identificar os parentescos.	Recoñecemento, respecto e valoración positiva da diversidade familiar.	
CA4.3 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía e evitando todo tipo de discriminación.	Participación activa en propostas de xogo, amosando actitudes de respecto, afecto e empatía cara os/as demais participantes.	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	Mellora progresiva no desenvolvemento de habilidades grafomotrices (control, precisión, coordinación óculo-manual...).	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA4.4 - Descubrir as distintas profesións, organizacións e servizos da contorna valorando as súas funcións e a importancia social da súa actividade.	Descubrimento das distintas profesións e da súa necesidade a nivel social.	
CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo	Aproximación á escritura dende unha perspectiva lúdica e constructivista.	
CA4.5 - Reproducir condutas, accións ou situacións a través do xogo simbólico en interacción cos seus iguais, identificando e rexeitando todo tipo de estereotipos.	Dramatización de situacións conflitivas ou problemáticas, reflexionando sobre as mesmas e rexeitando as accións violentas e os estereotipos.	
CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade.	Coñecemento, disfrute e participación en festas, costumes e tradicións galegas (Magosto, Vendima, Maíos...)	
CA4.6 - Participar activamente en actividades relacionadas coa reflexión sobre as normas sociais que regulan a convivencia e promoven valores como o respecto á diversidade e o trato non discriminatorio cara ás persoas.	Coñecemento, interiorización e seguimento das normas de centro e de aula; tomando conciencia da necesidade das mesmas para manter un bo clima escolar.	
CA4.6 - Identificar elementos propios do patrimonio cultural de Galicia e algúns dos seus personaxes máis relevantes.	Identificación de elementos significativos de patrimonio cultural galego (Catedral de Santiago, elementos da natureza, Fervenza do Ézaro...) e dos seus personaxes (Apalpador, meigas, cigarróns...) e personalidades máis relevantes (Rosalía de Castro...).	
CA4.7 - Desenvolver destrezas e habilidades para a xestión de conflitos de forma positiva proponendo alternativas creativas e tendo en conta o criterio doutras persoas.	Resolución creativa e pacífica de conflitos, baseada na escoita activa, no respecto e na empatía.	
CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecelas.	Participación en propostas vinculadas á diversidade cultural, amosando interese, curiosidade e respecto cara as diferentes tradicións e costumes.	
CA5.1 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	Identificación das características máis destacables da diversidade de textos escritos (formato dunha carta, dunha receita...).	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Valoración da biblioteca como un espazo de aprendizaxe e disfrute.	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	Gozo na lectura e na escoita de textos literarios.	
CA5.4 - Participar en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en contextos dialóxicos e participativos, descubriendo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria.	Participación activa en propostas literarias (lecturas compartidas, xogos literarios, ...), valorando a beleza desta forma de arte.	
CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresión dos gustos, opinións, preferencias e emoción relativas a unha obra artística determinada.	



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA8.4 - Interpretar corporalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e oral) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	Reinterpretación corporal de mensaxes emitidas noutros tipos de linguaxes (musical, plástica, artística...); descubriendo as posibilidades expresivas do propio corpo.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Aproximación ao uso de ferramentas dixitais (PDI, robótica, mesa de luz...).	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Obxectos e materiais. Interese, curiosidade e actitude de respecto durante a súa exploración.</li> <li>- Comunicación interpersonal: empatía e asertividade.</li> <li>- Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación.</li> <li>- Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia.</li> <li>- Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos.</li> <li>- Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade.</li> <li>- Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento.</li> <li>- Ampliación do repertorio lingüístico individual.</li> <li>- Achegamento á realidade lingüística da contorna. Fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.</li> <li>- A lingua galega como parte da identidade da nosa comunidade autónoma.</li> <li>- Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.</li> <li>- Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais.</li> <li>- Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais.</li> <li>- Recoñecemento das particularidades lingüísticas da contorna máis próxima.</li> <li>- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.</li> <li>- Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.</li> <li>- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.</li> <li>- Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático.</li> <li>- Escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.</li> <li>- A relación dos seres humanos cos animais. Empatía, coidado e protección dos animais. Respetto dos seus dereitos.</li> <li>- Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc.</li> </ul>



## Contidos

- Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico.
- A familia e os distintos modelos familiares. A súa estrutura e os seus membros.
- Relacións de parentesco.
- A diversidade familiar. Familia, escola e outros contextos socioemocionais. Identificación e diferenciación como primeiros grupos sociais de pertenza e interacción. Outros grupos sociais de pertenza: características, funcións e servizos.
- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- A escola.
- Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas.
- O barrio e o concello: servizos, características e funcións.
- Valoración de profesións e servizos da comunidade desde unha perspectiva de xénero.
- A amizade como valor, así como elemento protector, de prevención da violencia e de desenvolvemento da cultura da paz.
- Actitudes de respecto cara ás manifestacións culturais da súa contorna próxima.
- Fórmulas de cortesía e interacción social positiva. Actitude de axuda e cooperación. A resposta empática á diversidade debida a distintas formas de discapacidade e ás súas implicacións na vida cotiá.
- Festas e tradicións do ciclo anual e da cultura galega.
- Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas.
- Patrimonio e persoas relevantes da cultura galega.
- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.
- Iniciación a estratexias de procura de información, reelaboración e comunicación.
- Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuizos.
- Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.
- Asentamentos e actividades da contorna.
- Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuizos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural.
- Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero.
- Memorización e recitado de textos literarios.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuizos e estereotipos sexistas.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.

## Contidos

- Uso do baile e da danza como medios de expresión.
- Vivencia do xesto e do movemento como recursos corporais para a expresión, a comunicación e o intercambio afectivo.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Partindo da convicción de que non existe un método de ensinanza ideal que se axuste á totalidade o alumnado, senón que este debe de ter a capacidade de adaptarse ao contexto no que se desenvolve, os principios metodolóxicos que guiarán a miña praxis serán resultado da confluencia de múltiples correntes pedagóxicas. Desta forma garantirase a creación dun modelo activo, creativo, competente e adaptado ás singularidades de cada un e de cada unha dos meus alumnos e alumnas. Nesta liña, seguiremos un enfoque paidocentrista, situando ao alumnado no centro de calquera decisión e desenvolvendo experiencias que contribúan ao alcance de aprendizaxes significativas (Ausubel).

A interconexión das diferentes correntes pedagóxicas (constructivista, Montessori, Waldorf, Reggio Emilia, a Disciplina Positiva e a pedagogía verde) garantirá o outorgamento dun papel protagonista ao alumnado, o cal terá un proceder activo, consciente e experimental. Partindo disto concreto como principios de intervención educativa fundamentais os seguintes:

- A significatividade, a globalización e a flexibilidade;
- O respecto dos dereitos da infancia;
- A coeducación, a liberdade e a educación en valores;
- A socialización e cooperación co grupo de iguais, a comunidade educativa e a contorna;
- E o emprego da afectividade e o xogo como fíos condutores dos proceso de Ensinanza-Aprendizaxe.

Por outra banda e atendendo á recente incorporación do alumnado ao sistema educativo, sinalo que a planificación educativa do corrente curso académico contará co emprego de diversos Proxectos como eixos vertebradores dos contidos e obxectivos curriculares. Dita decisión pedagóxica ten como propósito fundamental favorecer a mellor adaptación dos nenos e das nenas á aula e ao centro escolar, e garantir unha motivación intrínseca durante o desenvolvemento das diferentes secuencias pedagóxicas. Nesta liña, concreto que as temática centrais dos Proxectos concretados na presente Programación teñen un carácter aberto e flexible; debendo sinalarse que para a concreción de ditas temáticas terei en conta os intereses inmediatos do alumnado, ou ben, as posibles situacións vividas na aula.

Asemade, sinalo que ditas unidades de programación será enriquecidas con outras propostas de carácter global e lúdico, que atenderán ás necesidades e ás inquiredanzas do grupo-aula como: breakouts, investigacións, misións gamificadas, instalación artísticas, etc.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
- Naturais: follas, flores, pedras, piñas, area, terra, millo, froitos ...
- Didácticos: sumblox, policubos, abecedario móbil, números e letras de lixa, numicon, regletas de Cuisinare, bloques lóxicos...
- Audiovisuais e tecnolóxicos: Beebot, PDI, Apps como Class Dojo, CROMA, Quiever...
- De expresión: títeres, marionetas de dedo, flashcards, pictogramas...
- Artísticos: pinceis, acuarelas, témperas, pizarras, papeis diversos, pinturas en 3D...

- Sensoriais: mesas de exploración, mesa de luz, pezas soltas, memory de texturas...
- De vida práctica: tendal, cociña, táboa para pasar o ferro...
- De xogo: ruleta, de construción, puzzles, encaixables, dominós...
- Literarios: contos, libros de imaxes, álbumes ilustrados, libros-xogos, inventarios, enciclopedias...

Os recursos materiais caracterizaranse pola súa polivalencia e orixe diversa, destacando os de carácter sensorial como fundamentais para acadar aprendizaxes significativas. Nesta liña, sinalo que non se empregarán libros de textos, nin materiais curriculares propios de editoriais.

Todos os materiais da aula estarán estruturados en 6 recunchos de libre circulación, organizados seguindo á metodoloxía TEACCH, co propósito de garantir unha atención á diversidade da aula axeitada, sendo estes: de lecto-escritura, de lóxica-matemática, de construcións, de vida práctica, de arte, sensorial e de lectura (biblioteca de aula). Desta forma, garantirase a creación dun ambiente limpo e despexado que predispón á aprendizaxe e á concentración do alumnado; evitando a hiper-estimulación visual e a saturación dos espazos.

Así mesmo, cabe concretar que todos os materiais distribuiranse en mobiliario adaptado ao alumnado, garantido a accesibilidade aos mesmos e un movemento autónomo, seguro e libre de obstáculos.

A continuación, concretarei a tipoloxía dos seleccionados, incorporando algúns exemplos:

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Tendo en conta que toda situación de Ensinanza-Aprendizaxe debe partir do coñecemento das necesidades e características individuais de cada alumno e de cada alumna e, máis aínda, tendo en conta a súa recente incorporación ao sistema educativo, realizarei unha avaliación inicial en coordinación coas familias e o Departamento de Orientación (DO). O traballo conxunto e coordinado dos 3 axentes educativos (titora e profe de apoio-familia-DO) permitírame ter un coñecemento individualizado e global de cada neno e de cada nena. Nesta liña, concreto que para recabar toda a información, empregamos 3 instrumentos de avaliación fundamentais:

- Cuestionarios: Na reunión inicial coas familias, entreguei un pequeno cuestionario para coñecer, en termos xerais, aspectos relativos a situación evolutiva de cada neno/a nos diferentes eidos do mesmo. Así como, para ter un coñecemento xeral da súa situación familiar e da súa contorna e dos seus gustos e preferencias.

- Entrevistas: Como titora terei un encontro individualizado con cada familia ao longo do primeiro trimestre e unha reunión inicial conxunta ao finalizar o mesmo, para facer unha primeira valoración do inicio do curso.

- E a observación directa e sistemática do alumnado (na aula e nos diferentes espazos do centro).

Todos os datos recabados, e a información contratada coas diferentes profesionais que interveñen na aula, serán reflectidos nos Informes de Avaliación Inicial consultables en XADE; e, así mesmo, actuarán como brúxula no proceso de organización da presente Programación Didáctica.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación correspóndese cos criterios de avaliación seleccionados do Decreto 150/2022; os cales están instrínsecamente relacionados cos contidos e os obxectivos de cada Proxecto, actuando como unha ponte de conexión entre ambos.

O grado de consecución de ditos criterios permitira reflexar o nivel de desempeño alcanzado polo alumnado, tras o desenvolvemento das diferentes propostas de Ensinanza-Aprendizaxe.

### Criterios de recuperación:

Atendendo á diversidade da aula, as propostas de recuperación materializaranse en actividades de reforzo adaptadas aos ritmos individuais de cada neno e de cada nena en cuestión. Así mesmo e tendo en conta que nos atopamos no 4º curso de Educación Infantil, se algún alumno ou algunha alumna non consegue acadar os obxectivos concretados na presente programación ao finalizar o corrente curso académico, continuarase traballando sobre os mesmos nos vindeiros anos da etapa.

## 6. Medidas de atención á diversidade

A diversidade é, atendendo ao Decreto 229/2011 e á Orde do 8 de setembro de 2021, a realidade derivada da singularidade biolóxica, psicolóxica, social e cultural de cada alumno/a e de cada un/a de os/as membros que integramos a comunidade educativa. Partindo disto, a súa atención sustentárase nos principios de normalización, inclusión, non discriminación e igualdade; así como, no seguimento das medidas ordinarias a extraordinarias concretadas nos informes de avaliación psicopedagóxicas do alumnado con NEAE existentes, así como todos aqueles que se puidesen elaborar ao longo do corrente curso. Nesta liña, cómpre facer unha mención especial ás NEAE e NEE actuais, para concretar as medidas xerais que se seguirán para garantir a adecuación dos procesos de ensinanza aprendizaxe: 3 compatibilidades con TEA, unha delas con comorbilidade cunha alteración motriz. Ademais das coñecidas, iníciase unha observación consciente dun alumno que presenta ausencia de linguaxe e de intencionalidade comunicativa e posibles dificultades auditivas. Partindo das mesmas, concretarei as medidas fundamentais para promover a inclusión e a evolución deste alumnado:

- Emprego de Sistemas Aumentativos e Alternativos da Comunicación como os pictogramas.
- Utilización de recursos específicos como o panel de anticipación ou os bits de intelixencia.
- Seguimento da metodoloxía TEACCH, garantindo a estruturación dos espazos seguindo a distribución por recunchos.
- Control dos niveis de ruído da aula, seguindo Programas como Bouncy Ball, e da orde dos materiais.
- Promoción da aprendizaxe dialóxica a través de propostas motivacionais e diversas como: asembleas, lecturas compartidas, tertulias dialogadas, preguntas abertas...
- Así como, o seguimento de todas aquelas indicacións das mestras especialistas en Pedagogía Terapéutica, en Audición e Linguaxe e da orientadora do centro.

Atendendo a todo o exposto, cabe concretar que para garantir a mellor atención ás necesidades do alumnado posible e, tendo en conta as miñas funcións como titora, coordinareime de forma constante coas familias do alumnado mencionado, así como cos/as especialistas de Atención Temperá ou calquera outro de ámbito privado.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Ambiente e sustentabilidade	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Consumo responsable	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Igualdade	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para a paz e a non violencia	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.5 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación Viaria	X	X	X	X	X	X	X

#### Observacións:

A LOMLOE remarca a necesidade de prestar unha especial atención á educación en valores para alcanzar unha cidadanía máis libre, tolerante e crítica. Así pois e seguindo, tamén o Decreto Curricular, os valores democráticos serán entendidos como os elementos transversais da presente programación, sendo consciente de que a súa interiorización resultará fundamental para alcanzar unha sociedade máis xusta, igualitaria e verdadeiramente inclusiva.

Así pois, a educación en valores será abordada de forma transversal durante todo o curso académico, sendo consciente de que esta debe comprenderse como un proceso continuo e permanente de desenvolvemento e construción social; utilizaremos como eixos fundamentais para o deseño de propostas didácticas: a literatura infantil, as curtametraxes, especialmente, as pequenas accións da vida diaria. Durante estas incidiremos en 6 núcleos temáticos: ambiente e sustentabilidade, consumo responsable, igualdade, paz e non violencia, saúde e educación viaria.

Así mesmo, os elementos transversais mencionados serán abordados dende unha perspectiva de educación en e para a vida real; polo que, cobrará especial importancia o eloxio das accións cotiás, tendo en conta que a través do noso quefacer diario construiremos o camiño máis adecuado para adquirir unha aprendizaxe competencial e exercer unha cidadanía responsable.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saída ao Museo de Belas Artes	Proposta de sensibilidade e expresión artística		X	
Saídas á contorna do centro	Actividades complementarias que se densenverán aproveitando o emplazamento da nosa escola, outorgándolle significatividade e empregándoo como un instrumento de aprendizaxe.	X	X	X

#### Observacións:

As actividades complementarias concretadas son susceptibles de variación, tendo en conta que algunhas están pendentes de confirmación; así como, a posibilidade de que, ao longo de corrente curso académico, se nos oferten novas propostas a considerar.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación á normativa legal vixente

Atención ás propostas, motivacións, inquietudes e intereses do alumnado e das súas familias.
Recoñecemento dos propios erros como oportunidades de aprendizaxe.
Compromiso coa miña formación permanente.
Metodoloxía empregada
Adecuación das propostas ás necesidades individuais do alumnado e a súa diversidade.
Clima de traballo na aula
Establecemento dunha relación próxima co alumnado, creando vínculos afectivos de confianza e seguridade.
Creación dun clima de aula positivo, baseado na afectividade e no respecto, que predispóna á aprendizaxe.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Cooperación co resto do equipo docente
Proposición e participación de actividades interciclo
Promoción da participación das familias na aula e seguimento dunha relación próxima e constante coas mesmas.

### Descrición:

Para a avaliación da praxe docente tomarei como referentes principais os concretados na Orde do 25 de xuño de 2009; polo que realizarei unha revisión crítica e construtiva dos seguintes aspectos: organización da aula, coordinación interprofesional, relacións coa familia, adecuación das propostas de Ensino-Aprendizaxe e a evolución e adecuación das aprendizaxes do alumnado.

A contemplación dos devanditos aspectos permitírame comprobar o grao de adaptación e significatividade das experiencias deseñadas, a consecución dos indicadores de autoavaliación e detectar as miñas carencias formativas. Así pois, concreto que toda a información derivada da devandita valoración será obxecto de auto-reflexión e radicará na toma de decisións oportunas para a mellora da miña práctica educativa

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Realizarei unha revisión constante da presente programación que se extenderá durante a totalidade do corrente curso académico; tendo en conta que a súa elaboración parte da consideración da mesma como unha guía para o desenvolvemento das propostas de Ensinanza-Aprendizaxe e para o cumprimento dos diversos elementos curriculares.

Así pois, todo o concretado na mesma é susceptible de modificación, tendo en conta a necesidade de respectar os ritmos individuais e os estilos de aprendizaxe do alumnado, así como os seus intereses e motivacións. Pois, serán estes últimos os piares fundamentais para o alcance de aprendizaxes verdadeiramente significativas

## 9. Outros apartados